

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de outubro de 2008

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez (incorpórase no punto nº 23)
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1550).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria do 24 de xullo, extraordinaria e urxente do 24 de xullo e extraordinaria e urxente do 29 de xullo de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1551).- VALIDACIÓN DE ACTUACIÓNS E GASTO POR IMPORTE DE 1863,94 € COMO CONSECUENCIA DA ESTANCIA DE PERSOAS AFECTADAS POLOS PROBLEMAS DA DEPURADORA DE CORUXO EN HOTEIS VIGUESES. EXPTE. 4984/101. Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 1.10.08, e de acordo co informe proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 5.09.08, conformado pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Validar a actuación de gasto realizado sen fiscalización previa que figura nas factura sseguintes:

Factura n.º PC71958, de data 30/11/07, da empresa HLG Hoteles, Hotel Samil (CIF: A36683415) con data de Rexistro Xeral do Concello 20/06/08, polo concepto “Estancias de 13 persoas prexudicadas polos problemas da Depuradora de Coruxo, hospedadas por Orden desta Alcaldía” cun custo total de 1863 euros, IVE incluído.

Facturas n.º400113870, nº 400113872 e nº 400113871 , de data 07/11/07, da empresa Hesperia, Hotelera Noroeste S.A. (CIF: A59916452) con data de Rexistro Xeral do Concello 02/06/08, polo concepto “Estancia de 3 persoas polos problemas da Depuradora de Coruxo, hospedadas por Orden desta Alcaldía ” cun custo total de 674.10 euros, IVE incluído.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor das empresas HLG Hoteles, Hotel Samil (CIF: A36683415) por importe de 1863.94€ e Hesperia, Hotelera Noroeste S.A. (CIF: A59916452) por importe de 674.10€ con cargo á partida orzamentaria 111.0.226.01.00, “Órganos de Goberno (Bolsa de Vinculación)”.

Terceiro.- Dispoñer o gasto a favor das empresas HLG Hoteles, Hotel Samil (CIF: A36683415) por importe de 1863.94€ e Hesperia, Hotelera Noroeste S.A. (CIF: A59916452) por importe de 674.10€ con cargo á partida orzamentaria 111.0.226.01.00, “Órganos de Goberno (Bolsa de Vinculación)”

3(1552).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO CONCELEIRO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE OS MESES DE XUÑO, XULLO E AGOSTO DE 2008. EXPTE. 2868/335.

Mediante providencia de data 8.10.08, o concelleiro delegado de Animación Sociocultural, do 8.10.08, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expedientes de gasto menor tramitado polo Servizo de Animación Sociocultural durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2008, que son os seguintes:

Expte: 2762/335. CONTRATACIÓN LONAS PUBLICITARIAS E VALADOS EN PRAZAS DA CIDADE – FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleiro data: 13/06/2008

Informe Intervención: RC 37714

Adxudicatario: GALEGA DE CARTEIS SL

Importe: 17.991,60 EUROS

Expte: 2764/335. CONTRATACIÓN SERVIZO VENDA DE ENTRADAS CENTRAL DE ESPECTÁCULOS – FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleiro data: 09/06/2008

Informe Intervención: RC 34835

Adxudicatario: ROMÁN MARTÍNEZ BOUZÓN

Importe: 4.408,00 EUROS

Expte: 2765/335. CONTRATACIÓN SEGURO DE SUSPENSIÓN DE GRANDES CONCERTOS – FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleiro data: 19/06/2008

Informe Intervención: RC 38502

Adxudicatario: AON GIL Y CARVAJAL

Importe: 17.538,75 EUROS

Expte: 2770/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN MARATÓN FOTOGRÁFICA – FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleiro data: 12/06/2008

Informe Intervención: RC 35547

Adxudicatario: AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA

Importe: 6.500,00 EUROS

Expte: 2787/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓN DA CORAL CASABLANCA – FESTAS DE VERÁN
Decreto concelleiro data: 20/06/2008
Informe Intervención: RC 37277
Adxudicatario: CÍRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO
Importe: 6.000,00 EUROS

Expte: 2788/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓNS ORFEÓNS FESTIVAL VOCES DE VIGO – FESTAS DE VERÁN
Decreto concelleiro data: 23/06/2008
Informe Intervención: RC 35566
Adxudicatario: ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO
Importe: 17.999,00 EUROS

Expte: 2796/335. CONTRATACIÓN SERVIZO GABINETE DE PRENSA – FESTAS DE VERÁN
Decreto concelleiro data: 30/06/2008
Informe Intervención: RC 36773
Adxudicatario: NURIA SÁINZ FERNÁNDEZ
Importe: 6.850,26 EUROS

Expte: 2763/335. CONTRATACIÓN SERVIZOS PREVENTIVOS DE CRUZ VERMELLA – FESTAS DE VERÁN
Decreto concelleiro data: 01/07/2008
Informe Intervención: RC 36661
Adxudicatario: CRUZ ROJA ESPAÑOLA
Importe: 9.482,00 EUROS

Expte: 2784/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓN GRUPO “SINIESTRO TOTAL” – FESTAS DE VERÁN
Decreto concelleiro data: 10/07/2008
Informe Intervención: RC 40456
Adxudicatario: NALGURES PRODUCCIONES SL
Importe: 17.400,00 EUROS

Expte: 2785/335. CONTRATACIÓN CHARANGAS PARA ANIMACIÓN DE RÚA – FESTAS DE VERÁN
Decreto concelleiro data: 10/07/2008
Informe Intervención: RC 38064
Adxudicatario: PRIME TIME ORGANIZACIÓN DE EVENTOS SL
Importe: 11.418,00 EUROS

Expte: 2792/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN CICLO CINE AO AIRE LIBRE “REALIDADE 08” – FESTAS DE VERÁN
Decreto concelleiro data: 01/07/2008
Informe Intervención: RC 37323
Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL
Importe: 11.948,00 EUROS

Expte: 2793/335. CONTRATACIÓN ACTOS SOCIAIS PREGÓN – FESTAS DE VERÁN
Decreto concelleiro data: 10/07/2008
Informe Intervención: RC 38065
Adxudicatario: PRIME TIME ORGANIZACIÓN DE EVENTOS SL
Importe: 11.999,04 EUROS

Expte: 2794/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓN GRUPO “THE ELLAS” – FESTAS VERÁN
Decreto concelleiro data: 18/07/2008
Informe Intervención: RC 39723
Adxudicatario: PRIME TIME ORGANIZACIÓN DE EVENTOS SL
Importe: 10.324,00 EUROS

Expte: 2805/335. CONTRATACIÓN ILUMINACIÓN ARTÍSTICA DA PRAZA DE COMPOSTELA – FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleiro data: 01/07/2008

Informe Intervención: RC 38397

Adxudicatario: CREACIONES LUMINOSAS SL

Importe: 3.364,00 EUROS

Expte: 2807/335. CONTRATACIÓN PROYECCIÓN PELÍCULA “PRADOLONGO” – FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleiro data: 07/07/2008

Informe Intervención: RC 38015

Adxudicatario: MR. MISTO FILMS SL

Importe: 1.000,00 EUROS

Expte: 2829/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN EVENTOS OITO AGOSTO – LOTE 3 – FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleiro data: 05/08/2008

Informe Intervención: RC 42272

Adxudicatario: EVENTOS DEL TERCER MILENIO S.L.

Importe: 17.999,00 EUROS

Expte: 2830/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN EVENTOS NOVE AGOSTO – LOTE 3 – FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleiro data: 05/08/2008

Informe Intervención: RC 42273

Adxudicatario: EVENTOS DEL TERCER MILENIO S.L.

Importe: 17.999,00 EUROS

Expte: 2831/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN EVENTOS DEZ AGOSTO – LOTE 3 – FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleiro data: 05/08/2008

Informe Intervención: RC 42274

Adxudicatario: EVENTOS DEL TERCER MILENIO S.L.

Importe: 17.999,00 EUROS

Expte: 2832/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN EVENTOS ONCE AGOSTO – LOTE 3 – FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleiro data: 05/08/2008

Informe Intervención: RC 42388

Adxudicatario: EVENTOS DEL TERCER MILENIO S.L.

Importe: 17.999,00 EUROS

Expte: 2833/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN EVENTOS DOCE AGOSTO – LOTE 3 – FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleiro data: 05/08/2008

Informe Intervención: RC 42389

Adxudicatario: EVENTOS DEL TERCER MILENIO S.L.

Importe: 17.999,00 EUROS

Expte: 2834/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN EVENTOS TRECE AGOSTO – LOTE 3 – FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleiro data: 05/08/2008

Informe Intervención: RC 42390

Adxudicatario: EVENTOS DEL TERCER MILENIO S.L.

Importe: 17.999,00 EUROS

Expte: 2835/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN EVENTOS CATORCE AGOSTO – LOTE 3 – FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleiro data: 05/08/2008

Informe Intervención: RC 42529

Adxudicatario: EVENTOS DEL TERCER MILENIO S.L.

Importe: 17.999,00 EUROS

Expte: 2836/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN EVENTOS QUINCE AGOSTO – LOTE 3 – FESTAS DE VERÁN
Decreto concelleiro data: 05/08/2008
Informe Intervención: RC 42530
Adxudicatario: EVENTOS DEL TERCER MILENIO S.L.
Importe: 17.999,00 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(1553).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

- a) Sentenza do X. Primeira Instancia nº 3 no xuízo ordinario 123/06. Demandante: D^a. Segunda Lago Pérez e 3 persoas máis. Obxecto: Sobre titularidade de rama 2 do camiño das Veigas, Coruxo. Expedientes nº 16934/240, 16951/240, 37971/421, 44941/421. Estimada a demanda.
- b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p.a. Nº 135/08. Demandante: D^a. Beatriz Torres Pérez. Obxecto: Sanción Tráfico. Expediente 078667454. Exceso de velocidade. Desestimado o recurso.
- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p.a. Nº 145/08. Demandante: D^a. Miriam Pereira Vázquez. Obxecto: Resolución do 26/02/08 en reclamación patrimonial de danos, expte. 1535/243. Desestimado o recurso.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 Vigo no RC-A p.a. Nº 168/2008. Demandante: D^a. M^a Carmen García Fernández. Obxecto: Acordo Xunta Goberno 26/02/08 (estimación parcial). Sobre caída na vía pública o 13/01/2007. Expediente nº 1397/243. Estimado parcialmente.
- e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 Vigo no RC-A p.a. Nº 158/2008. Demandante: D^a. Beatriz Torres Pérez. Obxecto: Sanción de tráfico. Expte. 078667454. Desestimado o recurso.
- f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 Vigo no RC-A p.a. Nº 136/2008. Demandante: D. José Lorenzo Domínguez. Obxecto: Acordo Xunta de Goberno do 18/02/08. Reclamación patrimonial, Expte. 1437/243. Estimado o recurso.
- g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 Vigo no RC-A p.a. Nº 79/2008. Demandante: D^a. Pilar Pérez García. Obxecto: Sanción de tráfico. Expediente nº 068549925. Estimado o recurso.
- h) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 Vigo no RC-A p.a. Nº 264/2008. Demandante: D. José A. Carrera Figueirido. Obxecto: Acto de sanción de tráfico. Expediente 078618911. Arquivo das actuacións.
- i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 163/2008. Demandante: D. Modesto Rodríguez Martínez e outra. Obxecto: Desestimación presunta de RPA. Accidente por aceite na calzada o 04/11/05. Expediente nº 1291/243. Desestimado o recurso.

- k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 Vigo no RC-A p.a. Nº 75/2008. Demandante: D. Antonio Grela Abeleira. Obxecto: Acto de sanción de tráfico. Expediente 068547981. Desestimado o recurso.
- l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 107/2008. Demandante: D^a. M^a Eugenia Rodríguez Salgueiro. Obxecto: Acto da Xunta de Goberno do 14/01/08. Desestimación de reclamación patrimonial. Expte. nº 1266/243. Desestimado o recurso.
- m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 Vigo no RC-A p.a. Nº 99/2008. Demandante: D^a. M^a Olga Cabral Ventura. Obxecto: Acordos Xunta de Goberno 14/01/08 (e 15/10/07). Reclamación Patrimonial 1139/243. Estimado parcialmente.
- n) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 152/08. Demandante: D. Álvaro Míguez Blanco. Obxecto: Desestimación do 11 febreiro 2007 de Reclamación patrimonial. Expte. 1383/243. Desestimado o recurso.
- o) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 105/05. Demandante: “Cdade. Propietarios avda. Castelao 79”. Obxecto: Desestimación do 19 xullo 1999 de solicitude sobre facturación de subministración de augas (desglose en contador único). Desestimado o recurso.
- p) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.o. Nº 48/2007. Demandante: D^a. Esther A. Miguel Vilariño. Obxecto: acto da Xunta de Goberno 12/02/07. Procedemento reclamación patrimonial, expte. 611/243. Estimado parcialmente o recurso.
- q) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 383/07. Demandante: D. Andrés Escariz Fuentes. Obxecto: resolución do 22/10/07 en alzada sobre selección de administrativos da OEP-2005 (persoal). Estimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

5(1554).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 22/2495.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa de SAF, conformado pola concelleira-delegada da área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D. Federico Pérez Campos. Expte. 22/2495.

6(1555).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE XUÑO, XULLO E AGOSTO DE 2008. EXPTE. 36705/301.

Mediante providencia do 3.10.08, a concelleira delegada da Área de Benestar Social dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2008, que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
11/06/08	OBRAS REPARACIÓN CONSERVACIÓN COLLERÍA B.S.	2120001	200800030023	29.804,83	MUEBLES TORRADO, S.L.
12/06/08	TALLERES MUSICOTERAPIA	2260801	200800030514	4.500,68	SABELA OCIO, S.L.
12/06/08	TALLER MOVIMIENTO E RELAXACIÓN	2260801	200800030515	2.250,00	SANDRA GRACIELA VERBA
16/06/08	ADESTRAMENTO MEMORIA	2260801	200800031052	3.850,00	MONICA CALVO SERRANO
27/06/08	TALLER RISOTERAPIA	2260801	200800035644	2.000,00	M. PILAR LORENZO REPRESAS
14/08/08	TALLERES DE DANZA	2260801	200800043085	918,06	VICTOR GONZALEZ ROMERO
27/06/08	AXUDAS BONO-TAXI	2270600	200800035653	10.000,00	COGAMI
05/08/08	INFORMATIZACIÓN DATOS	2270600	200800041969	4.480,00	AULA DE INFORMATICA DE GALICIA
23/06/08	PREVENCIÓN, SENSIBILIZACIÓN SOBRE DROGODEPENDENCIAS	2270608	200800034807	11.000,00	ASOC. ASVIDAL
09/07/08	PREVENCIÓN CONSUMO DROGAS EN CENTROS ESCOLARES	2270608	200800037567	15.000,00	ALBORADA, ASOC. CIUDADANA CONTRA A DROGA
24/06/08	ACTIVIDADES OCIO E TEMPO LIBRE MENORES SITUACIÓN RISCO	2270609	200800035285	12.000,00	ASOC. ABERTAL
07/07/08	ILUMINACIÓN AUDITORIO PARA REPRESENTACIÓN OBRA PIC-NIC	2270609	200800037345	336,62	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.
09/07/08	CAMPAMENTO URBAN RAPACES DISCAPACITADOS	2270609	200800037566	6.000,00	ASOC. HOY POR MAÑANA
17/0/08	PROGRAMA SABADOS DINAMICOS	2270609	200800038524	2.000,00	ASOC. XUVENIL ABERTAL
17/07/08	PROGRAMA AUTONOMIA PERSOAL	2270609	200800038525	6.010,12	ASOC. DOWN VIGO
11/08/08	PROGRAMA AGOSTO DE LECER	2270609	200800042678	1.295,18	COGAMI INFORMATICA E COMUNICACIÓN S.L.
11/08/08	PROGRAMA AGOSTO DE LECER	2270609	200800042679	6.173,88	PROFEICO ATLANTICO
11/08/08	PROGRAMA AGOSTO DE LECER	2270609	200800042680	4.530,94	ASOC. APAMP
09/06/08	MOBILIARIO XEFATURA B.S.	6250000	200800028961	11.869,95	MUEBLES TORRADO, S.L.
05/08/08	MOBILIARIO VIVENDA TITULARIDADE MUNICIPAL R/AN-DURIÑA, 2-3ª	6250000	200800041656	1.082,28	EXCLUSIVAS DANY

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

7(1556).- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DE 17.03.08 SOBRE REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS CULTURAI S E EXPOSICIÓNS. EXPTE. 10742/331.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 7.10.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación sociocultural, que di o seguinte:

Con data 17 de marzo de 2008, a Xunta de Goberno Local resolveu aprobar a segunda revisión de prezos de atención ao público en dependencias culturais e exposicións.

Por un erro de forma no informe anexo que se achegou a través da aplicación de expedientes imputable ao departamento de Cultura no importe da autorización da revisión de prezos, se transcribiu unha cantidade de 11.754,87 €, cando debería dicir 11.115,52 € tal e como figura tanto no informe proposta do xefe do departamento de Cultura co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura, do informe do Interventor Xeral así como na Reserva de Crédito realizada polo departamento de Intervención, que se poden ver no expediente.

Por todo isto, cómpre corraxir o erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de marzo de 2008 punto 14, onde dí “un incremento de 11.754,87 €” debe dicir “un incremento de 11.115,52 €”.

Polo exposto anteriormente faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA

“Corrixir o erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de marzo de 2008, punto 14, onde dí “un incremento de 11.754,87 €”, debe dicir “un incremento de 11.115,52 €”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1557).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA AO PÚBLICO DO CATÁLOGO DA MOSTRA “XOSÉ GUILLERMO. DANZA NOS TEMPOS 2008-1967” A REALIZAR NA CASA DAS ARTES DO 2 AO 28 DE SETEMBRO DE 2008. EXPTE. 3244/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do responsable técnico de Exposicións, do 19.08.08, conformado polo concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, que di o seguinte:

Con motivo da mostra “XOSÉ GUILLERMO DANZA NOS TEMPOS 2008 - 1967” que se vai a celebrar na Casa das Artes do 2 ao 28 de setembro de 2008, editarase un catálogo con textos e fotografías seleccionadas. Este catálogo ten un custe total (edición, deseño, textos, fotografías) para unha tiraxe de 500 exemplares, i.v.e. incluído, de 5999.76 euros.-, co que o custe total unitario máximo é de 12 euros.

Co obxecto de recuperar parte do investimento feito na edición destes catálogos e, o mesmo tempo aumenta-la súa difusión, o concelleiro de cultura resolveu a apertura do expediente de venda ó público correspondente conforme á ordenanza municipal correspondente.

Segundo dispón a ordenanza reguladora dos prezos de venda ó público de publicacións, o valor de venda ó público de cada exemplar das mesmas oscilará entre un mínimo dun 50% e un máximo dun 100% do seu prezo de custe, impostos incluídos. Segundo isto, resultan uns prezos mínimo e máximo para esta publicación de 6 EUROS e 12. EUROS respectivamente. O prezo medio de venda aconséllase que podería ser de 9 euros, impostos incluídos.

Do total dos 500 catálogos que se encargaron, considérase de interese poñer á venda pública un total de 200 e reservar 300 para necesidades protocolarias do concello e intercambio de publicacións con outros museos.

Á vista do citado, seguindo instrucións do Concelleiro de Cultura faise á Comisión de Goberno a seguinte

PROPOSTA.-

Poñer á venda 200 catálogos, dos 500 editados co gallo da exposición “XOSÉ GUILLERMO DANZA NOS TEMPOS 2008 - 1967” a un prezo unitario de venda ó público de NOVE (9) EUROS.-, I.V.E. incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello e de intercambio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1558).- SOLICITUDE DA ESCUDERÍA VIGO CLÁSICOS PARA ORGANIZAR O “II RALLY CIUDAD DE VIGO PARA VEHÍCULOS CLÁSICOS”, OS DÍAS 24 E 25 DE OUTUBRO DE 2008. EXPTE. 8019/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 30.09.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Escudería Vigo Clásicos, a organizar os vindeiros días 24 e 25 de outubro de 2008, o “II RALLY CIUDAD DE VIGO PARA VEHICULOS CLÁSICOS” con saída o día 24 de outubro, concentrándose os vehículos no R.C. Náutico ás 16.00 horas con dirección ata o Castro e rematando ás 22.40 horas no Centro Comercial A Laxe, o día 25 a partir das 9.00 horas concentración de novo no Nautico para realizar un tramo cronometrado que se levará a cabo no arredores de Vigo, rematando ás 20.30 horas no Náutico.

10(1559).- ABOAMENTO DE COTAS DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO DE REPÚBLICA ARXENTINA Nº 12-14. EXPTE. 18442/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 22.12.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de cuotas de comunidade , a Comunidade de Propietarios do inmovible sito na rúa República argentina nº 12- 14, a cantidade de 3.502,88 euros, polo importe correspondente o mes de agosto septiembre de 2008, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

11(1560).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN FURGÓN E DOUS TURISMOS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33686/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado, do 6.10.08, conformado polo concelleiro da Área de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Ratifica-la urxencia na tramitación do expediente 33686-212 subministro de un furgón e dous turismos para a Policía Local, motivada esta por que tra-la perda de dous vehículos por accidente só se dispoñen de 9 vehículos para a prestación dos servizos.

2º.- Autoriza-lo gasto 84.500 euros euros para o subministro por lotes dun furgón e dous turismos para a Policía Local, que se imputarán á partida presupuestaria 2222.624.00.01. do presuposto do ano 2008.

3º Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministros polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 02-16-2008 e o prego de prescripción técnicas para a prestación do subministro por lotes dun furgón e dous turismos para a Policía Local.

4º Convoca-la licitación para a selección do contratista por procedemento aberto con múltiples criterios e tramitación urxente.

12(1561).- PROXECTO DE EXECUCIÓN DO AUDITORIO CASA MAR. EXPTE. 605/410.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos, do 10.10.08, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda ("CPTOPV") e o Concello de Vigo subscribiron un convenio de colaboración de 2 de marzo de 2000 para "a realización de estudos previos, concursos e proxectos co obxecto de implantar un Auditorio - Pazo de Congresos con Zonas Complementarias de explotación, na Avda. de Beiramar de Vigo". Como consecuencia de devandito convenio, a CPTOPV convocou por resolución de 21 de setembro de 2.000 un concurso con intervención de xurado e participación limitada, de ideas a nivel de anteprojectos, resultando ganador a U.T.E. César Portela Fernández Jardón - IDOM Ingeniería e Consultoría.

Posteriormente, a CPTOPV, o Concello e a Autoridade Portuaria subscribiron un novo convenio de colaboración, aprobado polo Pleno da Corporación o 26 de xullo de 2.004, o 6 de agosto de 2.004, cuxo obxecto era establecer a colaboración entre devanditas Administracións para a execución do proxecto, que inclúe, entre outras determinacións, a convocatoria dun concurso público polo Concello para a concesión dun contrato de concesión de obra pública; a achega por parte da CPTOPV e do Concello de determinadas cantidades económicas para o financiamento parcial do contrato de concesión e, a axilización de cantas xestións fosen necesarias pola Autoridade Portuaria para a transmisión dos terreos ao Concello.

Os terreos sobre os que se ubicará o Auditorio - Palacio de Congresos foron, previa declaración da súa innecesariedade para as actividades propias da Autoridade Portuaria de Vigo, desafectados do dominio público portuario por Resolución da Ministra de Fomento de 30 de xullo de 2.004 e transmitidos en propiedade pola Autoridade - Portuaria ao Concello de Vigo por documento administrativo de 28 de maio de 2.005 para a construción do Auditorio - Palacio de Congresos con zonas complementarias de explotación.

O Concello de Vigo aprobou en sesión de 23 de novembro de 2.004 o estudo de viabilidade e en sesión de 14 de febreiro de 2.005 o anteprojecto de construción e explotación da obra pública para a construción do Auditorio Palacio de Congresos con Zonas Complementarias de explotación comercial, sobre a parcela denominada "Casa Mar" na Avenida de Beiramar, e no subsuelo da Rúa Jacinto Benavente.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, acordou o 6 de marzo de 2.006, propoñer a adxudicación do contrato de concesión de obra á sociedade concesionaria formada por Testa Inmuebles en Renda S.A, Caixanova, Puentes Concesiones S.L, Sacyr S.A.U., Expacontra S.A, e Puentes y Calzadas S.A.

Os adxudicatarios posteriormente crearon a Sociedade Concesionaria "Pazo de Congresos de Vigo, S.A."

O Proxecto Básico do Auditorio - Pazo de Congresos de Vigo e do sólido capaz dá edificación, redactado por "Portela - IDOM UTE" foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o 9 de outubro de 2.006, condicionando o da "zona complementaria" a presentación da documentación que esixían os informes técnicos dos diferentes servizos municipais, e requirindo a sociedade concesionaria para que presentase o correspondente proxecto de execución dá cimentación do conxunto da obra co fin de non demorar o prazo da súa execución.

Ante os problemas que xenerábanse durante a execución das obras de demolición dos antigos edificios da Casa Mar, que orixinaban un atraso importante no inicio da execución das obras de nova planta e imposibilitaban a correcta execución na aplicación temporal do presuposto do proxecto e, dende logo, nas obrigas orzamentarias asumidas pola Administración como aportacións públicas ao contrato, a Xunta de Goberno Local o 30 de outubro de 2.006 adoptou o acordo de que o proxecto de execución fose presentado en fases, debendo presentar no mes de novembro de 2.006 o correspondente ao proxecto de "Cimentación e de desvío dos servizos". Dito proxecto foi aprobado o 27 de novembro de 2.006 e posibilitou que coas correspondentes certificacións de provisións e a presentación dos oportunos avales o Concello percibise a totalidade da achega que lle correspondía realizar a Xunta de Galicia, xa que por exixencias do contrato de financiamento as mesmas tan só

corresponderían á execución das obras. Dita cantidade ascendeu a suma de sete millóns seicentos dezanove mil catrocentos vintedos euros.

O 12 de abril de 2.007, a sociedade concesionaria do contrato de concesión da obra pública do Auditorio - Pazo de Congresos de Vigo, presentou a solicitude da modificación do contrato de concesión da obra pública e de suspensión do prazo de presentación do proxecto de execución do conxunto arquitectónico da edificación mentras non resolverse a autorización, en contestación o correo electrónico remitido polo que subscribe o día tres do mesmo mes, no que ante a demora que producíase na redacción do proxecto de execución, orixinada pola aparición non subsolo da parcela de "roca de gran abrasividade", e ante os anuncios feitos pola mesma nas reiteradas reunións mantidas coa Dirección Facultativa da obra e os Técnicos do Concello, instáballes a que no suposto de que seguisen mantendo que existían causas motivadas e xustificadas que impliquen a tramitación dun expediente de modificación do contrato presentasen con carácter urgente a correspondente documentación na que xustificasen ou seu dereito. Solicitude que foi desestimada pola Xunta de Goberno Local do 4 de xuño de 2.007 por inexistencia de causas de interese público imprevistas ou sobrevenidas, e fixouse o día 16 de xullo de 2.007 a data da presentación do proxecto de execución do conxunto arquitectónico da obra pública do Auditorio - Pazo de Congresos de Vigo, data na que dito proxecto tivo entrada no Rexistro da Xerencia M. de Urbanismo deste Concello.

No escrito de presentación D. Javier Zarrabeitia, en calidade de representante legal da sociedade concesionaria manifestou que tan xo presentase o Proxecto de execución para cumprir cos prazos establecidos polo Concello, pero que non están de acordo co presuposto do mesmo e que de ser aprobado estaríase modificando os termos do contrato cun procedemento inadecuado que obrigaría a súa representada a "valerse das canles legais que lle asisten en orde a facer fronte ás modificacións dos contratos administrativos". Interpretación coa que os servizos técnicos e xurídicos municipais discrepabamos notoriamente.

Despois de múltiples xestións e reunións de todas as partes implicadas o 27 de febreiro de 2.008 a Sociedade Concesionaria presentou ante o Concello de Vigo, unha solicitude de modificación das obras previstas para a realización do Auditorio - Pazo de Congresos de Vigo, en base á proposta técnica elaborada ao efecto e que se acompañaba nos correspondentes anexos a devandita solicitude. Para garantir a viabilidade da concesión nos termos previstos no contrato concesional, o motivo de devandita proposta era a de, cumprindo todas as funcionalidades previstas para o citado Auditorio no marco da concesión outorgada, manter a cuantía do investimento necesario para realizar o investimento nun importe equivalente ao previsto no orzamento do proxecto básico aprobado polo Concello de Vigo. A proposta foi aprobada pola Xunta de Goberno Local o 31 de marzo de 2.008 nos seguintes termos:

"Autorizar á sociedade concesionaria a modificación da obra pública do conxunto arquitectónico do Auditorio - Pazo de Congresos de Vigo conforme aos criterios recollidos na proposta técnica que adxúntase á solicitude presentada o 27 de febreiro de 2.008.

Outorgar á sociedade concesionaria un prazo máximo de 2 meses para a presentación do Proxecto básico da modificación da obra pública referida no apartado anterior, no que a capacidade da sala principal sexa como mínimo para 1.450 espectadores co fin de respetar os acordos municipais adoptados na tramitación dos expedientes previos a o de contratación.

Considerando que, poderan existir causas que xustifiquen a necesidade de manter, no seu día, o equilibrio económico financeiro na fase de explotación da concesión, instar a sociedade concesionaria para que elabore e presente un novo Plan económico financeiro axustado ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do Concurso no que se detalle e concrete de forma precisa a modificación da obra pública autorizada nos termos no que considere que dito reequilibrio económico financeiro debe levarse a cabo, para súa aprobación municipal".

En definitiva os condicionamentos esixidos desde o punto de vista técnico polo órgano de contratación do concello son tres:

1. Respetar a documentación técnica presentada coa solicitude o 27 de febreiro de 2.008.
2. Que a capacidade da sala principal do Auditorio permita un aforo mínimo de 1.450 espectadores

3. *Respetar os acordos municipais adoptados na tramitación dos expedientes previos ao de contratación (estudo de viabilidade e anteproxecto constructivo).*

II.- DETERMINACIÓN DO PROXECTO BÁSICO

O 13 de xuño de 2008 presentase pola sociedade concesionaria o Proxecto Básico do “Auditorio – Pazo de Congresos de Vigo” e das zonas complementarias de explotación comercial coas seguintes características:

- Usos da zona pública do Auditorio -Palacio de Congresos-

Dentro do uso público defínense cinco zonas básicas:

a).- *Palacio de congresos, con salas de diversas dimensións que contan con cerramentos móbiles, para permitir un uso flexible das mesmas.*

b).- *Un auditorio con capacidade para 1.500 espectadores, formado por un área destinada a escena e outra a anfiteatro.*

c).- *Unha sala con capacidade para 500 espectadores que se poderá subdividir en salas de congresos menores.*

d).- *Un gran vestíbulo, ao cal vuelcan os accesos laterais da sala principal a distintas cotas. Este vestíbulo convértese no gran espazo público do edificio aberto cara a rúa e a cidade.*

e).- *Os espazos destinados a albergar os servizos do Auditorio e Palacio de Congresos, tales como salas de ensaio, camerinos, almacéns, locais técnicos e oficinas.*

- Usos Complementarios-

Os usos complementarios previstos son:

a).- *Uso Comercial, situado no zócalo do Auditorio e do edificio destinado a Hotel.*

b).- *Hotel, situado no edificio que queda entre a rúa Juan Ramón Jiménez e os edificios de Pereira e depósitos de Repsol.*

c).- *Cafeterías e restaurantes situados no vestíbulo principal de acceso ao Auditorio e sobre a cuberta do edificio.*

e).- *Oficinas, situadas en tres plantas no corpo situado entre o vestíbulo central e a rúa Juan Ramón Jiménez.*

- Aparcamiento-

O aparcamiento ocupará unha planta sótano baixo a parcela e parcialmente as rúas Jacinto Benavente e Juan Ramón Jiménez.

III.- SUPERFICIES CONSTRUIDAS

A superficie total construída é de 44.397,79 m², correspondendo 13.479,45 ao Auditorio; 9.569,75 ao Aparcamiento; 7.718,50 ao Hotel; 5.858,75 a comercial e 4.641,53 a oficinas, asíñandose o resto as instalacións comúnes, espazos libres e ao local para uso do Concello, representando unha superficie útil de 38.684,10 m².

IV.- APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO

A Xunta de Goberno Local, previo os informes pertinentes na sesión do 7 de xullo de 2008 aprobou o mesmo requiríndo a presentación do proxecto de execución nun prazo de tres meses e dando traslado do denominado PEF aos servizos de investimento para informe.

V.- AUTORIZACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

O ubicarse a execución da obra pública no contorno do xacemento arqueolóxico de Marqués de Valterra, ben catalogado no planeamento municipal, solicitáronse á Consellería de Cultura as correspondentes autorizacións previas ao inicio das obras e concedéuse para un proxecto de intervención con sondaxes mecánicas o finalizar as obras de demolición e, posteriormente, por resolución da Delegada Provincial de Cultura e Deporte de 8 de novembro de 2006 autorizouse a construción do Auditorio – Pazo de Congressos na Avda. Beiramar de Vigo.

VI.- PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO

Ao Proxecto Básico dá obra pública modificada acompañaban unha proposta do novo Plan Económico Financeiro cunha previsión das medidas a adoptar na fase de explotación contemplando a ampliación do prazo dá concesión ata o ano 2.067 e prevíndo a medida legal de que as administracións realicen aportacións económicas en dita fase, que, unha vez informado polo Xefatura de Investimentos tal e como había existido a XGL foi considerado na sesión celebrada o 16 de setembro de 2008 na que se asumiu o compromiso da súa revisión definitiva no prazo de tres meses dende a Acta de comprobación das obras executadas e fixéronse os parámetros a ter en conta para determinar a ampliación do prazo da concesión e a cuantificación das aportacións públicas á explotación da concesión.

VI.- PROXECTO DE EXECUCIÓN

O 7 de outubro de 2008 se presenta no Rexistro xeral do Concello un exemplar do proxecto executivo en documentos escritos e unha copia en formato informático acompañado dun escrito firmado por D. Javier Zarrabeitia, actuando como representante legal da sociedade concesionaria, no que interesa a aprobación do mesmo e que unha vez realizada a obra se leve a efecto o reconecemento do equilibrio económico financeiro da concesión conforme ao previsto nos termos establecidos no acordo que aproba o PEF provisionalmente. Inciso final que aos efectos do presente informe carece de relevancia por ter sido un compromiso xa adquirido polo Órgano de contratación do Concello o pasado 16 de setembro e que debe entenderse no senso de que no proxecto contemplase as inversións previstas no PEF e que a gran redución das superficies destinadas a usos comerciais daran lugar ao mantemento do equilibrio económico financeiro do contrato.

O proxecto contén os seguintes:

DOCUMENTOS

1. MEMORIA EXPLICATIVA do contido íntegro do proxecto desenvolta o longo de 134 follas.
2. ANEXOS A LA MEMORIA
 - Anexo 1. Declaración de obra completa
 - Anexo 2. Acta de replanteo previo
 - Anexo 3. Estudio geotécnico
 - Anexo 4. Normativa de obligado cumprimento
 - Anexo 5. Plan de control de calidad
 - Anexo 6. Memoria de Cálculo de Estructuras
3. PRESUPUESTO, incluíndo os correspondentes cadros de medicións e 28 presupostos parciais por cada fase da obra, desenvolto en 2.416 folios e cun Presupuesto Total de Contrata de 79.343.999,18 €.
4. PLIEGO DE CONDICIONES
 - Pliego de Condiciones Generales
 - Pliego de Condiciones Técnicas
 - Anexo 1. Estructura metálica
 - Anexo 2. Estructura de Hormigón
 - Anexo 3. Cimentaciones
 - Anexo 4. Acero inoxidable

Anexo 5. Instalación de Electricidad en Baja Tensión
Anexo 6. Instalación de Electricidad en Media Tensión
Anexo 7. Instalaciones de Climatización y Ventilación
Anexo 8. Instalaciones de Gestión Técnica
Anexo 9. Instalaciones de Protección Contra Incendios
Anexo 10. Instalaciones de Fontanería
Anexo 11. Instalaciones de Saneamiento
Anexo 12. Instalaciones de Gas
Anexo 13. Instalaciones de Telecomunicaciones, Seguridad y Audiovisuales

5. PLANOS, contén planos a diferente escala de todas e cada un dos elementos constructivos iniciando no orixe, a parcela e terminando nos correspondentes á urbanización e reposición dos servizos afectados pola obra tanto xerais como acotados. En total son 572 planos, de superficies, alzados, seccións, de estruturas, replanteo, cimentacións, contención, de pantallas, de cargas, pilares, forjados, de detalles constructivos, de instalacións, electricidade, seguridade e control de accesos, megafonía, fontanería, revestimentos, telecomunicacións, saneamento, climatización, protección contra incendios, etc.

6. ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD

7. PROYECTO DE EQUIPAMIENTO ESCÉNICO

8. PROYECTO ACÚSTICO

9. PROYECTO DE ESTRUCTURAS

10. MEMORIA DE INSTALACIONES

11. PLIEGO DE CONDICIONES TÉCNICAS. INSTALACIONES

12. CALCULO INSTALACIONES

VII.- INFORMES DÁ DIRECCIÓN FACULTATIVA, DO PROXECTISTA E DA DIRECCIÓN TÉCNICA DO PROXECTO

Para o correcto entendemento deste apartado é obrigado suliñar que a natureza xurídica do contrato é a de Concesión de obra pública, regulado pola Ley 13/2003 de 23 de mayo, sendo algunhas especialidades do contrato:

- a obriga do concesionario de presentar os proxectos de construción no que existen dúas fases craramente diferenciadas - a fase da construción da obra e a de explotación da mesma -
- a existencia dun contrato complementario que é o que corresponde á asistencia técnica contratada polo Concello para a correcta execución da obra debido a súa complexidade
- que a asunción do “riesgo concesional” é limitado ao rexir o principio do “mantenemento do equilibrio económico financeiro” da concesión
- e, que o obxecto do contrato da concesión foi o outorgamento dos dereitos pertinentes para a demolición das edificacións da denominada “Casa Mar”, a construción do Auditorio – Pazo de Congresos de Vigo e súas zonas complementarias de explotación comercial e a explotación do conxunto da obra executada.

Consta no expediente a correspondente certificación expedida por D. Rafael Espinosa Azofra, gerente da entidade contratada polo Concello para a asistencia técnica da dirección facultativa do proxecto constructivo na que se manifesta que o proxecto presentado redactado polos arquitectos Srs. Portela Fernández Jardón e Zayas Carbajal no mes de setembro de 2.008 desenrola o proxecto básico aprobado, e en consecuencia, cumpre cos criterios contidos na proposta técnica de 27 de febreiro de 2.008 e co condicionamento primeiro do acordo da Xunta de Goberno Local do 31 de marzo de 2.008 polo que apróbase a modificación da obra pública.

Ase mesmo acredítase tanto polos técnicos proxectistas como polo Director Técnico da sociedade concesionaria que o proxecto de execución presentado axústase á normativa urbanística técnica e xurídica de aplicación ao Auditorio – Pazo de Congresos de Vigo.

O proxecto cumpre cos condicionantes derivados da tramitación dos expedientes previos á licitación, en especial o Estudo de Viabilidade e co aforo mínimo da sala principal para 1.500 espectadores, e asemesmo coas adopcións das medidas técnicas no proxecto para garantir a acústica, a iluminación e o equipamento escénico e contemplábase a asistencia técnica de verdadeiros especialistas como son Arau Acustics (acústica); R.C. Diéguez Consulting (equipamento escénico); Javier Vergara (audio e video) e A.L.S. Lighting (iluminación) que constan no equipo redactor como constructores externos.

En consecuencia, a xuízo do técnico informante, non existe inconvinte legal algún para que a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación do Concello, aprobe o proxecto presentado por así establecerlo a Cláusula 30.1 do PCAP regulador do concurso, concedendo un prazo de dez días á sociedade concesionaria, ao Director Técnico, a Dirección Facultativa e a o Inspector do proxecto e da construción para o outorgamento da Acta de comprobación do replanteo previsto na Cláusula 34 do PCAP.

En dita cláusula contemplábanse dous inspectores para o control da execución do contrato, uno para o proxecto e outro para a obra xa que entón non prevíase a contratación da asistencia técnica polo Concello, que debe rectificarse no senso de que polo órgano de contratación, en exercicio das facultades que ten na interpretación dos contratos, designe un funcionario municipal que realice tales funcións, hoxe equiparables á figura do “responsable do contrato” previsto na nova Ley de Contratos del Sector Público, que asimismo será quen outorgue e autorize a Acta de comprobación das obras previa ao inicio da fase de explotación prevista na Ley e na Cláusula 33 do PCAP.

Polo exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local na súa calidade de Órgano de contratación do Concello a adopción do seguinte acordo

PRIMEIRO

“Aprobar O PROXECTO DE EXECUCIÓN do conxunto arquitectónico da obra pública modificada do Auditorio Pazo de Congresos de Vigo e das zonas complementarias de explotación comercial, conforme a documentación presentada pola Sociedad Pazo de Congresos de Vigo, S.A., o 7 de outubro de 2.008, elaborada pola entidade César Portela Fernández Jardón - IDON Ingeniería e Consultoría, S.A., U.T.E. e asinada polos arquitectos Srs. Portela Fernández Jardón e Zayas Carbajal co contido expresado no punto VI da parte expositiva deste acordo.”

SEGUNDO

“Requerir ao Director Técnico, a Dirección Facultativa e a o Inspector do proxecto e da construción para que procedan, en su caso, ao outorgamento da Acta de comprobación do replanteo no prazo de dez días contados a partir da notificación deste acordo, e designar ao Xefe da Área de contratación e novos proxectos do Concello como a persona que exercerá as funcións de inspección propias do Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1562).- SEGUNDA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS DE EDIFICIOS E LOCAIS COMERCIAIS NO PEPRI BOUZAS. EXPTE. 4483/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da responsable do servizo de Patrimonio Histórico, do 30.09.08, conformado pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder, conforme á convocatoria específica para o desenvolvemento das axudas á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na área de rehabilitación PEPRI Barrio Histórico de Bouzas, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 17/03/2008, as seguintes axudas aos solicitantes da Segunda resolución da convocatoria:

Nº expediente	Solicitante NIF	Enderezo actuación subvencionada	Importe axuda (euros)
4450-307	Dn. José V. Álvarez Folgar	Tomás A. Alonso 232	12.000

	36010682L		
4449-307	Comunidade de propietarios H27716331	Tomás A. Alonso 220	30.000

2º.- Tendo en conta o informe da Intervención municipal do 26/09/2008, que se incorpora ao expediente, deixar fóra desta proposta o expediente nº 4451-307 de concesión de subvención á comunidade de propietarios de San Miguel nº 1-Bouzas, quedando pendente para unha posterior proposta individualizada, de ser o caso, se os interesados completan a documentación preceptiva, en base ao acordo da Comisión avaliadora das subvencións de que esta actuación figure como suplente de non ter conseguido completar as obras as acutacións xa seleccionadas nas comisións de avaliación de 1ª e 2ª resolución; esta proposta foi conformada pola Comisión de avaliación e asinada por cada un dos seus membros.

3º.- A proposta motivada da Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo do 03/07/2008, denegar a concesión das axudas seguintes, conforme á convocatoria específica para o desenvolvemento das axudas á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na área de rehabilitación PEPRI Barrio Histórico de Bouzas, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 17/03/2008, salientando que, no caso da axuda solicitada pola Comunidade de propietarios de Casiano Martínez 14, queda fóra da concesión polos motivos que se recollen no informe da Intervención municipal de data 26/09/2008, que se incorpora ao expediente:

Nº expediente	Solicitante NIF	Enderezo para o que se solicitou a axuda
4448-307	Comunidade propietarios	Paulino Freire 21
4447-307	Comunidade propietarios	Covadonga 13
4452-307	Dna. M. Asunción Freire Ruíz	Tomás A. Alonso 297
4409-307	Comunidade propietarios H36836708	Casiano Martínez 14

4º.- A proposta da Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo, e tendo en conta que na Primeira resolución se deixaba pendente de aprobación para a Segunda resolución polos motivos que se recollen na proposta, conceder a seguinte axuda:

Nº expediente	Solicitante NIF	Enderezo actuación subvencionada	Importe axuda (euros)
4403-307	Dna. Ana M. González González 35981250G	Ferreiros 14/Ramón Antonio Álvarez 5	8.000

5º.- Notificar en tempo e forma este acordo aos interesados e dar conta do mesmo ao servizo municipal de Intervención e á Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo. Na notificación que se practique aos interesados ós que se lle concedeu a subvención, lembraráselles o disposto no apartado 6. da Base 18 das da convocatoria, nos seguintes termos: “O acordo de aprobación non crea dereito ningún fronte á Administración a favor do/a beneficiario/a proposto, mentres non se finalicen as obras, se xustifique o gasto e se informe favorablemente a actuación levada a cabo”.

6º.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia a concesión das subvencións, con indicación da súa convocatoria, o programa de subvencións ao que se acollen, a resolución á que corresponden, o crédito orzamentario, o/a beneficiario/a e a cantidade subvencionada, consonte ao recollido no apartado 5. da Base 18 das da convocatoria.

14(1563).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES AOS MESES DE ABRIL E AGOSTO 2008. EXPTE. 18444/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 01.10.08, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 29.09.08, conformado polo Concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de ABRIL e AGOSTO 2008 (inclúe horas de febreiro e marzo) con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Alcaldía	De Basilio Costas Fernández a Raquel Abalde Comesaña	Abril-2008	225'00
Conserxería	De M ^a Teresa Vaqueiro Herbelo a José Angel Fernández Alonso	Abril-2008	64'00
Montes, Parques e Xardíns	Alfonso Casas Iglesias a Adolfo Troncoso Campos	Abril-2008	248'00
O.S.P.I.O.	De José Eugenio Matilde Viñas a Angel Ferro Macho	Febreiro-2008	63'00
O.S.P.I.O.	De José Eugenio Matilde Viñas a Angel Ferro Macho	Marzo-2008	63'00
O.S.P.I.O.	De José Eugenio Matilde Viñas a Angel Ferro Macho	Abril-2008	63'00
Vias e Obras (Inspecc. Obras)	De Benito Barciela Simón a Ventura Oujo Gerut	Abril-2008	57'00
Vias e Obras (Inspecc. Obras)	De Ramón Vázquez Rial a Ricardo Lobato Cameselle	Abril-2008	56'00
Vias e Obras	De José F. Alonso Correa a José M. Martínez González	Abril-2008	170'00
1ª Tenencia de Alcaldía	De Juan Pablo Alonso Rodríguez	Agosto-2008	264'00
Extinción Incend	De Francisco Abreu Torres a Alberto Villar Gutierrez	Agosto-2008	118'00
Parque Central	De Guillermo Abelleira Porrua a Bernardo Rodríguez Lestón	Abril-2008	307'00
Vias e Obras	De José Fernando Alonso Correa a Manuel Martínez González	Abril-2008	170'00
Policia Local	De Constante Alonso Caride a Francisco José Vila Campos	Xullo-2008	776'00
Policia Local	De Constante Alonso Caride a Francisco José Vila	Agosto-	128'00

	Campos	2008	
Policia Local	De Fernando Aguado Taboada a Juan Guillermo Vivero Mijares	Agosto-2008	645'00
Desinfección	De M ^a Salomé Araujo Rodríguez a José Manuel Sousa Atrio	Abril-2008	402'00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a J. Manuel Sixto Pérez	Abril-2008	1.107'00
Distritos	De Ana M ^a Cardoso Alfonso a Carmen Cotilla Iglesias	Abril-2008	30'50
Relacións Públicas	De Mercedes Riveiro Troncoso a Eduardo Pérez Domínguez	Marzo-2008	12'00
Policia Local	Don Vicente Martínez Posada	Xuño-2008	8'00
	TOTAL		4.806'50

O montante do presente expediente ascende a un total de 39.455'64 € (TRINTA E NOVE MIL CATROCENTAS CINCOENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS)”.

15(1564).- CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DE BALAIÓDOS. FASE 1. RÚA EUGENIO KRAFF”. EXPTE. 27/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 8.10.08, que di o seguinte:

Antecedentes:

En data 14 de abril, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto para a execución das obras de “humanización do entorno de Balaídos. Fase 1 - Rúa Eugenio Kraff” e o prego administrativo para a contratación das obras, expte. 54.488/250.

En data 7 de xullo, a Xunta de Goberno Local adjudicou á empresa Oresa S.L. as obras de humanización da rúa Eugenio Kraff nas seguintes condicións:

Por un importe de 173.275,94 €.

Un prazo de garantía da obra de 66 meses.

Un prazo de execución de tres meses e medio.

En data 22 de setembro, asinouse o contrato coa citada empresa adjudicataria, comezándose nese intre as obras.

Unha vez efectuada a demolición da calzada, compróbase que faise necesaria a substitución das tuberías de abastecemento e saneamento; unidades de obra éstas, que non se puideron incluír no proxecto aprobado inicialmente porque nos ratios presupostarios considerados na valoración inicial non se tiveron en conta estas unidades de obra por descoñecer o estado das mesmas e a indicacións da concesionaria Aqualia S.A. o non proporcionar un histórico de roturas significativas.

Asimesmo, e tendo en conta que as beirarrúas contempladas no proxecto para esta humanización son de loseta de formigón e que a humanización da Avda da Florida, proxecto adjudicado recentemente pola COTOP, inclúe beirarrúas en loseta de granito e que un dos obxectivos do equipo de goberno actual é homoxeneizar o máximo posible as humanizacións das rúas dunha mesma zona, parece lóxico propoñer que as beirarrúas da rúa Eugenio Kraff sexan tamén en loseta de granito.

Outras unidades de obra de menor entidade e que non se recollen no proxecto aprobado son arborado, farolas e illas ecolóxicas soterradas.

O importe económico dispoñible actualmente na partida empregada para este proxecto ascende a cantidade de 206.850 €.

Nunha primeira aproximación presupostaria da humanización da rúa Eugenio Kraff coas características descritas realizada pola empresa adxudicatara na que se recolle as unidades de obras antes citadas cun importe total de 203.903,79 € (presuposto de execución por contrata PEM) o que alcanzaría a 1ª fase de humanización da rúa Eugenio Kraff entre as rúas Florida e Dez de Maio.

Tendo en conta o anteriormente indicado e co obxecto de humanizar a rúa Eugenio Kraff nas mesmas condicións que a Avda. Da Florida faise a Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Contratar a redacción dun proxecto modificado que recolla todas as unidades de obra necesarias para que esta rúa se humanice nas mesmas condicións que a Avda. Da Florida.

2º.- Financiar o proxecto modificado co importe económico existente na partida presupostaria consignada para a execución do proxecto inicialmente aprobado; importe que en ningún caso sobrepasará o límite máximo establecido pola L.C.A.P. (Art. 202).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1565).- PROXECTO CONSTRUTIVO PARA A SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DA LONXA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 28/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 8.10.08, que di o seguinte:

Antecedentes:

Debido ao estado de deterioro da Cuberta da Lonxa do Edificio Consistorial e como consecuencia das choivas caídas o 8 de maio deste ano, a lonxa apareceu totalmente inundada, xa que a auga da choiva entraba na mesma polas xuntas da cuberta caendo enriba das distintas oficinas que existen na citada lonxa, co risco que supoñía debido as instalacións eléctricas existentes.

Debido ao perigo que supoñía tal situación, tanto para os funcionarios municipais como para os cidadáns que acceden á Lonxa para realizar algún trámite, e tendo en conta o informe da Técnico de Prevención de Riscos municipal de data 8 de maio, o Xefe de Área de Servizos Xerais, propuxo que se iniciara a tramitación dun expediente polo procedemento de emerxencia, para a contratación inmediata das obras de reparación da cuberta da lonxa.

En data 12 de maio, a Xunta de Goberno Local aprobou a contratación polo procedemento de emerxencia do expediente para a reparación da cuberta da Lonxa do Edificio consistorial coa empresa Plygepe S.L. por un importe de 137.559,62 € IVE engadido, estimado nunha primeira aproximación, pendente da redacción do proxecto constructivo e con cargo a partida 1210.632.00.02.

En data 4 de setembro, dase conta ao Pleno do Concello, do acordo da Xunta de Goberno Local relativo á reparación da cuberta polo procedemento de emerxencia.

Iniciadas as obras, en paralelo contratouse a redacción do proxecto constructivo, que recollese as necesidades reais para a reparación estrutural da cuberta da lonxa incluída a impermeabilización, recollida e canalización das augas pluviais.

O presuposto de execución por contrata (PEC) recollido no proxecto constructivo ascende a cantidade de 243.838,96 €.

Tendo en conta o anteriormente citado, faise a Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Aprobación do proxecto constructivo “Substitución da cuberta da Lonxa do Concello de Vigo” por un importe de 243.838, 96 €.

2º.- Financiación das obras realizadas da seguinte maneira:

137.559,62 € con cargo ao expediente 17/440.

22.030,77 € con cargo á partida 1210.632.00.02.

A cantidade restante ata o importe total, o que supón 84.248,57 €, con cargo ao presuposto do exercicio 2009.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1566).- REAXUSTES DOS ACORDOS EN MATERIA DE REHABILITACIÓN NA COMISIÓN BILATERAL DA VIVENDA SOBRE ACTUACIÓNS ARCH CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 397/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, conformado polo concelleiro delegado de Conxuntos Históricos, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

- En datas 24.11.1999, 24.11.2000, 02.08.2001, 11.12.2002, 14.07.2003, 20.10.2003 e 26.02.2004 asináronse os convenios de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de actuacións na “Área de Rehabilitación Integrada” (ARI) do Casco Vello de Vigo, correspondentes ás fases, 1ª, 2ª, 3ª, 4ª, 5ª ,6ª respectivamente; e en data 27.04.06 na “Área de Rehabilitación de Centro Histórico” á fase 7ª e en data 23.04.07 a fase 8ª para o mesmo ámbito en data 08/11/2007 as de novena fase.
- En data 22.08.06 publicase o Decreto 136/2006 do 27 de xullo, polo que se declara ben de Interese Cultural, coa categoría de Conxunto Histórico, a zona Vella da cidade de Vigo.
- En Data 18.05.07 publicase no BOP a aprobación definitiva do Plan especial de protección e reforma interior para o Casco vello de Vigo.
- En data 22/09/08 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou o seguinte acordo: “
Primeiro.- que se inicien os tramites necesarios para que podan quedar incluídas as actuacións en obras de rehabilitación e de urbanización e reurbanización, dentro da memoria Programa de rehabilitación do Casco vello de vigo como obras subvencionables polo Mª da Vivenda e a Consellería da Vivenda e Solo. Segundo.- que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas da aprobación das aportacións do concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas”. Polo que na Comisión bilateral de finais do mes de outubro asinarase a Decima fase de rehabilitación no Casco vello de Vigo para o financiamento de actuacións de rehabilitación de vivendas dentro do marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio suscrito entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio da Vivenda e informando a concesión a este Concello de 40 actuacións: Ministerio da Vivenda: (14,34%) 339.600 euros; Xunta de Galicia (10,98%) 260.000 euros; particulares: (59,49%) 360.000 euros.

- En data 3 de outubro de 2008 recíbese unha comunicación da Consellería da Vivenda e Solo participando ao Concello da realización desta Comisión Bilateral e adiantando que no marco desta Comisión esta previsto asinar os reaxustes do Financiamneto referidos aos acordos de datas 27/04/06, 23/04/07 e 08/11/07, fases 7ª, 8ª e 9ª respectivamente, polos que se asinaron os obxectivos 2005, 2006 e 2007 respectivamente do Plan Estatal Vivenda 2005-2008.

- O acordo que se asinara, entre o Ministerio da Vivenda e a Conselleira da Vivenda e Solo dispón:

“1.- O prazo de execución das actuacións inicialmente previsto nos acordos de 27/04/06, 23/04/07 e 08/11/07 referido as areas de rehabilitación que se relacionana mais abaixo, queda unificado e establecido ata o 31/12/2010.

2.-O prazo de finalización poderá ser prorrogado polo tempo que as partes acorden enter si, chegado o seu termino, existiran razóns que o exisise.

3.-Aprobar a nova dsitribución de anualidades e a súa unificación da inversión convenida para o Ministerio de Vivenda e para cada area de rehabilitación:

Todas as achegas con cargo á Conselleria de Vivenda e Solo serán imputadas á aplicación orzamentaria 17.02.451.A760.0

4.- A Conselleria da Vivenda e Solo, á sinatura deste acordo anticipará as anualidades resultantes para 2008 que corresponden aos acordos asinados o 27 de abril de 2006 para os obxectivos 2005, descontando previamente as xustificadas que tiñan sido practicadas con cargo á dita anualidade.

5.- Os concellos con áreas de rehabilitación executaran e xustificaran as actuacións tendo en conta o novo prazo e as anualidades reaxustadas, unificando os tres acordos relacionados, sen prexuízo da xustificación de cada fase.

6.- As estimacións para equipos técnicos adscritos aos portelos unicos non sufren modificacións. Se procederá a comiunicar aos concellos o acrodo aos efectos de obter a súa corroboración.”

7.- As propostas para a Comisión Bilateral son:
ver cadro anexo redistribución financiamento Casco Vello

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, proponse,

PRIMEIRO.- Que se asine os contidos do acordo de reaxustes xa que logo garantizan o cobro das anualidades reaxustadas ao abeiro do acordos asinados polas partes para que surta os efectos correspondentes.

Financiación/ financiamien- to		CON CARGO MINISTERIO						CON CARGO CONSELLERIA VIVENDA E SOLO					
concello	anualidades	2006	2007	2008	2009	2010	sumas	2006	2007	2008	2009	2010	sumas
Area rehabilita- cion	Acuerdo 27/04/06	Objetivos 2005 del plan vivienda											
ARCH Vigo Casco vello	Anualidades acordadas	7800,00	62400,00	8800,00			156000,00	6500,00	52000,00	71500,00			130.000,00
	redistribución		-62400,00	-27977,16	90377,16		0,00	-6500,00	-52000,00		58500,00		0,00
	Anualidad re- sultante	7800,00	0,00	57822,84	90377,16		156000,00	0,00	0,00	71500,00	58500,00	0,00	130.000,00
	Acuerdo 23/04/07	Objetivos 2006 del plan vivienda											
	Anualidades acordadas		2900,00	75800,00	146000,00		250800,00		19500,00	58500,00	117000,00		195.000,00
	redistribución			-48.628,57		48628,57	0,00			-47809,12		47809,12	0,00
	Anualidad re- sultante	0,00	29000,00	27.171,43	148000,00	48628,57	250800,00	0,00	19500,00	10690,88	117000,00	47809,12	195.000,00
	Acuerdo 08/11/07	Objetivos 2 007 del plan vivienda											
	Anualidades acordadas		19380,00	53700,00	103620,00	162900,00	339600,00		10400,00	39000,00	80.600,00	130000,00	260.000,00
	redistribución			-43716,37		43716,37	0,00			-29929,24		29929,24	0,00
	Anualidad re- sultante	0,00	19380,00	9983,63	103620,00	206616,37	339600,00						
Nueva financiación resultante de la unificación de los tres acuerdos		7.800,00	48.380,00	94.977,90	339.997,16	255.244,94	746.400,00	0,00	299.00,00	91.261,64	256.100,00	207.738,36	585.000,00

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1567).- REAXUSTES DOS ACORDOS EN MATERIA DE REHABILITACIÓN NA COMISIÓN BILATERAL DE VIVENDA SOBRE ACTUACIÓNS ARCH CASCO DO BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS. EXPTE. 398/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 6.10.08, conformado polo concelleiro delegado de Conxuntos Históricos, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

- *En data 26.02.2004 asínase o convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de actuacións na “Área de Rehabilitación Integrada” (ARI) do Barrio Histórico de Bouzas, correspondente á fase 1ª, e en datas 27.04.06 a fase 2ª e en data 23.04.07 a fase 3ª de actuacións como areas de rehabilitación de conxuntos históricos. O 08/11/07 asinase a fase 4ª.*
- *En data 30.09.02 o pleno do Concello aproba o Pepri do barrio histórico de Bouzas que se publica no B.O.P. o 26.11.02*
- *En data 22/09/08 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou o seguinte acordo: “ Primeiro.- que se inicien os tramites necesarios para que podan quedar incluídas as actuacións en obras de rehabilitación e de urbanización e reurbanización, dentro da memoria Programa de rehabilitación do Barrio Histórico de Bouzas como obras subvencionables polo Mª da Vivenda e a Consellería da Vivenda e Solo. Segundo.- que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas da aprobación das aportacións do concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas”. Polo que na Comisión bilateral de finais do mes de outubro de 2008 asinarase a Quinta fase de rehabilitación no Barrio Histórico de Bouzas en Vigo para o financiamento de actuacións de rehabilitación de vivendas dentro do marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio suscrito entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio da Vivenda e informando a concesión a este Concello de 20 actuacións: Ministerio da Vivenda: (30%) 120.000 euros; Xunta de Galicia (25%) 100.000 euros; particulares: (45%) 180.000 euros.*
- *En data 3 de outubro de 2008 recíbese unha comunicación da Consellería da Vivenda e Solo participando ao Concello da realización desta Comisión Bilateral e adiantando que no marco desta Comisión esta previsto asinar os reaxustes do Financiamneto referidos aos acordos de datas 27/04/06, 23/04/07 e 08/11/07, fases 2ª, 3ª e 4ª respectivamente, polos que se asinaron os obxectivos 2005, 2006 e 2007 respectivamente do Plan Estatal Vivenda 2005-2008.*
- *O acordo que se asinara, entre o Ministerio da Vivenda e a Conselleira da Vivenda e Solo dispón:*

“1.- O prazo de execución das actuacións inicialmente previsto nos acordos de 27/04/06, 23/04/07 e 08/11/07 referido as áreas de rehabilitación que se relacionana mais abaixo, queda unificado e establecido ata o 31/12/2010.

2.-O prazo de finalización poderá ser prorrogado polo tempo que as partes acorden enter si, chegado o seu termino, existiran razóns que o exisise.

3.-Aprobar a nova dsitribución de anualidades e a súa unificación da inversión convenida para o Ministerio de Vivenda e para cada area de rehabilitación:

Todas as achegas con cargo á Conselleria de Vivenda e Solo serán imputadas á aplicación orzamentaria 17.02.451.A760.0

4.- A Conselleria da Vivenda e Solo, á sinatura deste acordo anticipará as anualidades resultantes para 2008 que corresponden aos acordos asinados o 27 de abril de 2006 para os obxectivos 2005, descontando previamente as xustificadas que tiñan sido practicadas con cargo á dita anualidade.

5.- Os concellos con áreas de rehabilitación executaran e xustificaran as actuacións tendo en conta o novo prazo e as anualidades reaxustadas, unificando os tres acordos relacionados, sen prexuízo da xustificación de cada fase.

6.- As estimacións para equipos técnicos adscritos aos portelos unicos non sufren modificacións. Se procederá a comiunicar aos concellos o acrodo aos efectos de obter a súa corroboración.”

7.- As propostas para a Comisión Bilateral son:
ver cadro anexo financiamento Barrio Historico de Bouzas

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, proponse,

PRIMEIRO.- Que se asine os contidos do acordo de reaxustes xa que logo garantizan o cobro das anulidades reaxustadas ao abeiro do acordos asinados polas partes para que surta os efectos correspondentes.

Financiación/ financiamiento		CON CARGO MINISTERIO						CON CARGO CONSELLRIA VIVENDA E SOLO					
concello	anualidades	2006	2007	2008	2009	2010	sumas	2006	2007	2008	2009	2010	sumas
Area rehabilitación	Acuerdo 27/04/06	Objetivos 2005 del plan vivienda											
ARCH Vigo Casco do barrio historico de Bouzas	Anualidades acordadas	9750,00	78.000,00	107250,00			195000,00	8125,00	65000,00	89375,00			162500,00
	redistribución		-78.000,00	-34287,86	112287,86		0,00	-8125,00	-65000,00		73125,00		0,00
	Anualidad resultante	9750,00	0,00	72962,14	112287,86		195000,00	0,00	0,00	89375,00	73125,00	0,00	162500,00
	Acuerdo 23/04/07	Objetivos 2006 del plan vivienda											
	Anualidades acordadas		9.800,00	25400,00	48800,00		84000,00		6500,00	19500,00	39000,00		65000,00
	redistribución			-17945,04		17945,04	0,00			-16916,26		16.916,26	0,00
	Anualidad resultante	0,00	9.800,00	7454,96	488000,00	17945,04	84000,00	0,00	6500,00	2583,74	39000,00	16.916,26	65000,00
	Acuerdo 08/11/07	Objetivos 2 007 del plan vivienda											
	Anualidades acordadas		10052,27	31502,27	62702,27	99752,27	204009,00		6500,00	24375,00	50375,00	81.250,00	162500,00
	redistribución			-10374,58		10374,58	0,00			-11714,66		11.714,66	0,00
	Anualidad resultante	0,00	10052,27	21127,69	62702,27	110126,85	204009,00	0,00	6500,00	12660,34	50375,00	92.964,66	162500,00
Nueva financiación resultante de la unificación de los tres acuerdos	Objetivos del plan Vivienda 2005-2008												
	Objetivos 2005 del plan vivienda 9.750,00		19.852,27	101.544,79	223.790,13	128.071,89	483.009,08	0,00	13.000,00	104.619,00	162.500,00	109.880,92	
	ARCH Vigo Casco do barrio historico de Bouzas		Anualidades acordadas 9750,00	9750,00	78.000,00	107250,00			195000,00	8125,00	65000,00	89375,00	

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1568).- PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO IV DO PEPRI DE BOUZAS. INADMISIBILIDADE A TRÁMITE. EXPTE. 4841/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento e Xestión, e polo secretario da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Por acordo de 30.09.02 o Pleno do Concello de Vigo deu aprobación definitiva o Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico de Bouzas (expte 5826/411).

O 17.02.06 parte dos propietarios de terreos incluídos na delimitación do polígono IV do PEPRI de Bouzas, presentan escrito no que se insta a aprobación inicial de estatutos e bases de actuación.

Por acordo da Xunta de goberno local de 2.10.06 se deu aprobación inicial os estatutos e bases de actuación no polígono IV do Plan especial de protección e reforma interior do conxunto histórico de Bouzas.

Con posterioridade a propia Xunta de goberno local de 13.11.06 adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO.- Rectificar o erro material contido nos antecedentes do acordo da Xunta de goberno local de 2.10.06 polo que se aprobaron inicialmente os estatutos e bases de actuación do polígono IV do PEPRI de Bouzas, no que se refire á referencia ó polígono VI, cando en realidade debe figurar o IV (...)".

A Xunta de goberno local de 20.04.07 acordou aprobar definitivamente os estatutos e bases de actuación a aplicar ó "polígono IV do PEPRI de Bouzas" (4661/401). Así mesmo, se requeriu ós propietarios do polígono IV par que se constituíran en Xunta de Compensación no prazo máximo dun mes dende a notificación do acordo.

En data 27.08.07 a Xunta de Goberno Local deu aprobación á constitución da Xunta de compensación. Para elo, os promotores achegaron escritura pública de constitución de 23.05.07 ante o Notario do ilustre. Colexio de Galicia, don José Antonio Rodríguez González (protocolo número 1184), así como a adhesión formalizada o 19.07.07 ante o mesmo Notario (protocolo 1750). Así mesmo, requeriuse ós órganos rectores da Xunta de Compensación para que procedan á práctica da nota marxinal descrita no artigo 5º do rd 1093/97, de 4 de xullo.

O 5.08.08 don Pablo Mencía Cuerva presentou escrito (doc número 80097849) no que comunica a aprobación do proxecto de compensación na Asamblea Xeral Extraordinaria da Xunta de Compensación de data 23.07.08.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Incidencia da aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación municipal pola Orde de 16.05.08 da CPTOPT (DOGA 3.06.08).- O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo foi aprobado definitivamente de xeito parcial pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o 16.05.08. No documento aprobado figura o PEPRI de Bouzas (aprobado definitivamente o 30.09.02, expte 5826/411) como un planeamento que se respecta e incorpora ó mesmo. Non obstante, para o polígono IV o PXOM aprobado definitivamente contén unha ficha (APR 3-35) e dentro das súas determinacións contidas na mesma, se establece a necesidade dunha reserva do 20 % de aproveitamento de uso residencial destinado a algún réxime de protección.

De acordo co establecido no artigo 2.7.10 no suposto de que un planeamento aprobado se respecta e á vez se introduzcan variacións ou modificacións que precisen dun novo proceso de xestión, con carácter previo ó seu desenvolvemento, se precisará a súa adecuación ás determinacións do planeamento. En todo caso, é necesario ter en conta que previsión de solo para a construción de vivenda sometida a algún réxime de protección, é unha determinación propia do planeamento ó abeiro do disposto no artigo 47.11 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (apartado introducido pola Lei 6/08, de 19 de

xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo). Así mesmo, establécese como unha determinación do planeamento en solo urbano (letra c, apartado 1º do artigo 29 do real decreto 2159/78, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento) a asignación de usos pormenorizados correspondentes ás diferentes zonas. De igual xeito os artigos 70 (e por remisión ó 64) da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbana e protección do medio rural de Galicia, establece como un unha determinación necesaria do instrumento que establezca a ordenación detallada, a asignación detallada de usos pormenorizados, tipoloxías edificatorias e niveis de intensidade. En todo caso, a pormenorización dos usos terase en conta aos efectos de proceder a equitativa distribución de beneficios e cargas entre os propietarios do ámbito (artigos 113 e 114 da Lei 9/02, de 30 de decembro).

2.- Órgano competente para a resolución do expediente.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a adopción do presente acordo lle corresponde á Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, á vista do informado, PROPONSE o seguinte:

1.- Inadmitir a trámite o proxecto de compensación do polígono IV do PEPRI de Bouzas (expte 4811/401) por entender que é preciso a modificación do PEPRI de Bouzas no sentido de introducir a reserva de solo destinado a vivenda sometida a algún réxime de protección.

2.- Comunicar a presente resolución á Xunta de Compensación, informando que contra a mesma cabe interpoñer con carácter postestativo no prazo dun mes, recurso de reposición ante esta Administración municipal ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

20(1569).- ADXUDICACIÓN DE CATRO BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO 16 DE OUTUBRO DE 2008 ATA O 15 DE XUÑO DE 2009. EXPTE. 2549/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico medio do Servizo de Turismo, do 7.10.08, conformada polo concelleiro da Área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar as catro bolsas de inverno 2008-2009 da Concellería de Turismo ás aspirantes que foron admitidas a esta convocatoria e obtiveron a mellor puntuación no baremado realizado pola Comisión de Avaliación de méritos reunida o día 6 de outubro de 2008 e da que resulta a seguinte prelación:

	APELIDO	NOME	DNI	DATA DE NAC	AVALIACIÓN-MERITOS	ENTREVISTA	PROBA PRÁCTICA	TOTAL
1	DIAZ LOPEZ	ENMA	34261744-R	3/02/1980	8	1,4	1	10,4
2	BARREIRA FIDALGO	NATALIA	36157165-S	30/04/80	6,65	1,4	1	9,05
3	DOMINGUEZ	MARTA	53182797-N	5/09/1983	6,5	1,3	1	8,8

	GONZALEZ							
4	SACARRERA LOPEZ	ANA	36155159-X	21/06/1981	6,05	1,2	1	8,25

2º.- Declárase como lista e suplentes a seguinte prelación:

	APELIDO	NOME	DNI	DATA DE NAC	AVALIACIÓN MERITOS	ENTREVISTA	PROBA PRÁCTICA	TOTAL
1	FERREIRA GONZALEZ	CONSUELO	53171618-B	12/09/1979	6,65	0,75	0,5	7,9
2	GONZALEZ SELLÁN	MARTA	36173503-T	13/10/1983	5,3	1,3	1	7,6
3	MATA COMESAÑA	PATRICIA	36114437-K	04/09/1982	5,3	1,2	1	7,5
4	ALVAREZ FAN-DIÑO	IRIA	77009502-M	17/03/1984	4,4	0,7	0,3	5,4
5	SOUTO CARRACELAS	MIRIAM	52499365-W	31/12/81	2,1	1	0,5	3,6
6	LORES RIVERA	DIANA	36175499-H	25/11/1982	0,8	0,75	0,5	2,05

3º.- Queda excluída das becas, por non presentarse a proba práctica nin a entrevista, sendo estas probas obrigatorias do proceso selectivo.

	APELIDO	NOME	DNI	DATA DE NAC	AVALIACIÓN-MERITOS	ENTREVISTA	PROBA PRÁCTICA	TOTAL
11	GARCIA CONDE	PATRICIA	36168768-A	6/06/1985	6	No presentada	No presentada	Excluída

4º.- Aprobar o gasto de 28.800 euros, que se imputarán a aplicación orzamentaria 7510.4810000, "Transferencias a familias e institucións". A contía total que se executará no ano 2008 ascende a 9000 euros (2,5 meses x4 persoas x 900 euros brutos). Os 19,800 euros restantes executaranse ao presuposto do ano 2009 (5,5 meses x 4 persoas x 900 euros brutos).

21(1570).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2008 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE. 5300/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25.09.08, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 8.08.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as Bases reguladoras e a convocatoria do ano 2008 do Programa de Axudas municipais á contratación, no marco do Plan municipal de emprego 2008-2011, que de seguido se transcriben e os anexos obrantes no expediente.

2º.- Aprobar a autorización de gasto por importe total de 30.000,00 € (TRINTA MIL EUROS), para a concesión das axudas establecidas nestas bases, con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00 "Programas de axudas á inserción laboral".

INDICE

INTRODUCCIÓN

BASE 1ª: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

- 1.1. Finalidade.*
- 1.2. Características das empresas e entidades beneficiarias.*
- 1.3. Requisitos para obter a condición de beneficiario/a.*
- 1.4. Tipos e contías das axudas.*
- 1.5. Obrigas do beneficiario/a.*
- 1.6. Alteración das condicións de concesión das axudas.*

BASE 2ª: EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES.

BASE 3ª: PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN.

- 3.1. Instrución e tramitación das axudas.*
- 3.2. Comisión de valoración e seguemento.*
- 3.3. Criterios obxectivos de adxudicación.*

BASE 4ª: SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

BASE 5ª: PRAZO E CONCESIÓN DAS AXUDAS.

BASE 6ª: NULIDADE, RENUNCIA, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E

INFRAC-

CIÓNS E SANCIÓNS.

BASE 7ª: PUBLICIDADE.

- 7.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.*
- 7.2. Publicidade das subvencións concedidas.*

BASE 8ª: NORMATIVA DE APLICACIÓN.

DISPOSICIÓN FINAL.

Anexos:

ANEXO I	SOLICITUDE.
ANEXO I BIS	DOCUMENTACIÓN PARA XUNTAR COA SOLICITUDE.
ANEXO II	FICHA SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA.
ANEXO III	DECLARACIÓN XURADA NON TER SOLICITADO NIN PERCIBIDO OUTRAS AXUDAS.
ANEXO IV	DECLARACIÓN DE ACEPTACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN E SEGUIMENTO.
ANEXO V	DECLARACIÓN DE PODER OBTER A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO/A DE AXUDAS.
ANEXO VI	DELIMITACIÓN CASCO VELLO (AREA P.E.P.R.I.)

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2008 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN

INTRODUCCIÓN

O Plan municipal de emprego 2008-2011, promovido pola concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá foi aprobado polo Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión do día 29 de abril de 2008, representa o marco de actuación municipal para a aplicación das políticas activas de emprego no seu ámbito territorial. No conxunto de accións que configuran o plan, dentro dos programas de apoio á inserción laboral, atópase o “Programa de axudas municipais á contratación.”

BASE 1ª: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. Finalidade

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convoca-la concesión das axudas municipais a empresas e entidades distintas da administración pública para o fomento da contratación de persoas que participen ou tivesen participado nalgunha das accións ou programas da Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

No caso de persoas discapacitadas e vítimas de violencia de xénero teranse tamén en conta as derivacións doutras entidades de recoñecida solvencia no traballo con estes colectivos.

As subvencións establecidas nas presentes bases poderán afectar ás contratacións que, reunindo os requisitos establecidos nas presentes bases, se teñan formalizado no período comprendido entre o 16 de setembro de 2007 e o 15 de setembro de 2008.

1.2. Características das empresas e entidades beneficiarias

Empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, e entidades distintas da administración pública, que teñan contratado a persoas desempregadas que participen ou participasen nalgunha das accións ou programas da Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e que posúan ademais algunha destas condicións ou características: muller, discapacidade ou ubicación do posto de traballo no Casco Vello de Vigo, na área do P.E.P.R.I., que se define no ANEXO VI.

1.3. Requisitos para obter a condición de beneficiario/a.

1.3.1.- Non poderán obter a condición de beneficiario os empresarios individuais ou sociais nos que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.3.2.- Será tamén requisito para obter a condición de beneficiario non ter amortizado nos últimos tres anos postos de traballo por despedimento declarado improcedente, expediente de regulación de emprego ou por causa prevista no apartado c) do artigo 52 do Estatuto dos Traballadores.

1.3.3.- A contratación terá que supoñer un aumento do cadro de persoal da empresa, en termos netos e que este aumento se manteña, cando menos, durante o tempo de vixencia do contrato obxecto da subvención.

1.3.4.- O beneficiario non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (exceptuando os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

1.3.5.- As persoas contratadas polo beneficiario deberán ser persoas que participen ou tivesen participado nalgunha das accións ou programas da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que posúan ademais algunha destas condicións ou características: muller, discapacidade ou ubicación do posto de traballo no Casco Vello de Vigo, na área do P.E.P.R.I., que se define no ANEXO VI.

1.3.6.- O beneficiario deberá acharse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, a Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así como ao corrente das súas obrigas para coa Seguridade Social.

1.4. Tipos e Contías das axudas

Axudas á contratación temporal a xornada completa

Contratos iniciais coas seguintes características:

BENEFICIARIOS/AS	CONTRATO: 6 MESES	CONTRATO: 1 ANO OU MÁIS
- Mulleres - Discapacitados/as - Posto de traballo no Casco Vello	750,00 €	3.000,00 €
• Persoa vítima de violencia doméstica	250,00 €	500,00 €
IMPORTE TOTAL	1.000,00 €	3.500,00 €

Axudas á contratación temporal a xornada parcial

Neste caso, o importe da subvención será proporcional á xornada laboral do contrato (tanto para os de duración mínima de seis meses coma para os dun ano).

1.4.1.- O límite máximo de subvención por empresa ou grupo de empresas asociadas non poderá exceder, polo conxunto das contratacións realizadas, de 8.000,00 €, agás naqueles casos nos que a Comisión de Valoración estime oportuno ampliar dito tope, pola importancia e repercusión da solicitude.

1.4.2.- As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria faranse con cargo ao orzamento da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, na aplicación orzamentaria 32204700000- "Programa de axudas á inserción laboral" por un importe de 30.000,00 €.

1.5. Obrigas do beneficiario/a.

1.5.1.- Acreditar no momento da solicitude a contratación, no período comprendido entre o 16 de setembro de 2007 e o 15 de setembro de 2008, de persoas desempregadas que participen ou participasen nalguna das accións ou programas da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e que posúan ademais algunha destas condicións ou características: muller, discapacidade ou ubicación do posto de traballo no Casco Vello de Vigo, na área do P.E.P.R.I., que se define no ANEXO VI.

1.5.2.- Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así como fronte á Seguridade Social.

Non procederá o pago da subvención en tanto o beneficiario non acredite estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

1.5.3.- Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

1.5.4.- Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións do apartado 1.6.

1.5.5.- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

1.5.6.- O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

1.5.7.- O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

1.6. Alteración das condicións de concesión das axudas.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se concede a subvención, con independencia da causa, a cobertura do seu posto por un/unha novo/a traballador/a, deberá terse producido ou proucirse dentro dos trinta días naturais seguintes ao da baixa, e por un período de tempo equivalente ao que restase ou reste para a finalización do período estipulado inicialmente. En caso contrario, a empresa beneficiaria non poderá percibir a axuda o procederá ao seu reintegro. A nova persoa contratada deberá ser tamén beneficiaria das accións ou programas municipais de emprego da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

No caso no que o Servizo de Promoción Económica e Emprego non subministrara a candidatura para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dun/unha novo/a traballador/a co mesmo perfil e características do traballador polo que se lle tería concedido a axuda, ou percibir o importe da subvención proporcional ao tempo efectivo da contratación.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días naturais que contará dende a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle á Concellaría de Promoción Económica e Emprego a extinción do contrato e a nova contratación e deberá acreditar:

- contrato de traballo da persoa contratada inicialmente suscrito na correspondente oficina do Servizo Público de Emprego e declaración responsable da causa da extinción contractual.
- baixa da persoa contratada inicialmente.
- alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
- contrato de traballo da nova persoa traballadora suscrito na correspondente oficina do

Servizo Público de Emprego.

BASE 2ª : EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade.

- Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento do emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.

- Os contratos realizados con calquera dos/as participantes incluídos/as no mínimo comprometido no convenio de colaboración que se asine entre o Concello de Vigo e as empresas colaboradoras do “Programa de formación en empresas con compromiso de contratación” do Plan municipal de emprego.

BASE 3ª: PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ORGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN.

3.1.- Instrución e tramitación das axudas.

O procedemento para a concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

A Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá tras o informe da Comisión de Valoración, propondrá a concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será notificado a todos/as os/as solicitantes.

3.2.- Comisión de valoración e seguemento.

Estará composta polos seguintes membros:

- o concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá ou persoa en quen delegue*
- o xefe de Servizo de Promoción Económica e Emprego*
- un/unha técnico/a do Servizo de Orientación Laboral nomeado polo concelleiro.*
- un/unha técnico/a da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, nomeado/a polo concelleiro.*

Dita comisión, formada por un número par de membros, contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo. O xefe do Servizo actuará como secretario. A Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirille á empresa ou entidade beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

3.3.- Criterios obxectivos de adxudicación.

No caso de que o montante total das axudas que procedese conceder en función das solicitudes debidamente presentadas supere a cantidade máxima autorizada para estas axudas, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme ao baremo que figura netas bases e convocatoria.

Para isto as solicitudes ordearanse en forma descendente segundo a puntuación obtida trala aplicación do citado baremo, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.4. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

As solicitudes de axudas valoraranse con arranxo ao seguinte baremo:

DURACIÓN DO CONTRATO:

DURACIÓN CONTRATO	NÚMERO DE PUNTOS
6 MESES A 1 ANO	5
MÁIS DE 1 ANO	10

CARACTERÍSTICAS PERSOAS CONTRATADAS (SEGUNDO PME):

CARACTERÍSTICAS	NÚMERO DE PUNTOS
MENORES DE 25 ANOS CON ESCASA CUALIFICACIÓN	10
MAIORES DE 45 ANOS	10
PARADOS/AS LONGA DURACIÓN	10
MULLER	10
DISCAPACITADO/A	10
VÍTIMA VIOLENCIA DOMÉSTICA	10

Sumarase a puntuación correspondente a cada unha das circunstancias que de xeito simultáneo concorran nunha mesma persoa.

NÚMERO DE PERSOAS CONTRATADAS:

NÚMERO DE PERSOAS CONTRATADAS	NÚMERO DE PUNTOS
1	2
2-4	3
MÁIS DE 4	10

EMPRAZAMENTO DO POSTO DE TRABALLO:

UBICACIÓN	NÚMERO DE PUNTOS
CASCO VELLO	5

BASE 4ª: SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes achegaranse, segundo modelo establecido no Anexo I, ao Rexistro Xeral do Concello de Vigo, dirixidas á Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá ao “Programa de axudas municipais á contratación”, inescusablemente xunto coa totalidade da seguinte documentación, por duplicado, dos que un deles será orixinal ou copia compulsada, segundo consta no Anexo I bis:

Documentación relativa á empresa:

- Ficha de solicitude (Anexo I).
- DNI se o solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas (neste caso achegar DNI e poder suficiente para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude).
- Alta no IAE da empresa que solicita a axuda e, no caso de sociedades xa constituídas, copia cotexada da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil. E de ser o caso resolución da exención do IAE.
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo II).
- Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellaría de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Declaración xurada de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada (Anexo III).
- Declaración pola que se expresa a aceptación das actuacións de comprobación e seguimento que acorde a Comisión de Valoración (Anexo IV).
- Últimos TC1 (liquidado) e TC2 inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa así como a persoa pola que se percibe a axuda correspondente.
- Declaración de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a prevista no art. 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (Anexo V).

Documentación relativa a cada traballador/a

- DNI das persoas traballadoras obxecto de contratación.
- Informe da vida laboral completa do/a traballador/a obxecto da subvención actualizado e expedido pola TXSS con data posterior ao 15 de setembro de 2008.
- Contrato de traballo, rexistrado na oficina do Servizo Público de Emprego.
- Certificado de minusvalía ou xustificante de ter recoñecida unha incapacidade permanente en grao total ou gran invalidez (de ser a persoa contratada discapacitada).
- No caso de persoas vítimas de violencia doméstica o Servizo de Orientación Laboral acreditará a súa situación mediante os informes pertinentes.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles dende o día seguinte a data de publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Toda solicitude que non inclúa algunha documentación esixida na base 4ª, seralle requirida ao solicitante conforme ao establecido no artigo 71 da Lei 30/1992 do RXPAC.

A documentación relativa ás solicitudes que non resulten subvencionadas poderá ser retirada das dependencias municipais, polos/as solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.

BASE 5ª: PRAZO E CONCESIÓN DAS AXUDAS

O prazo para resolver por parte da Xunta de Goberno Local será de tres meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso con-

tencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento notificarase ós solicitantes no prazo de dez días, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar á Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderáse tacitamente aceptada.

Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionado á acreditación do beneficiario de estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e tras a emisión polo servizo xestor dun informe que acredite a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda e que se incorporará á correspondente conta xustificativa que se remita a Intervención.

BASE 6ª: NULIDADE, RENUNCIA, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

BASE 7ª: PUBLICIDADE.

7.1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2008 do “Programa de axudas municipais á contratación”, como un dos incentivos de fomento ao emprego, enmarcado dentro do Plan municipal de emprego do Concello de Vigo e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo e publicarase no BOP, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

7.2.- Publicidade das subvencións concedidas.

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes das axudas ó serán aos efectos de comprobar a concurrencia dos requisitos necesarios para obte-las ditas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

Os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco pola concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, no prazo de tres meses a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos pola devandita concellería, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 15/1999, de 13 de de-

cembro, de protección de datos de carácter persoal. Os mesmos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercitar os empresarios solicitantes das axudas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no BOP de Pontevedra, cando a súa contía sexa de 3.000 € ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. Tanto os solicitantes como os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de tódalas axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios da Concellaría de Promoción Económica e Emprego e Participación Cidadá.

BASE 8ª: NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

DISPOSICIÓN FINAL

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

22(1571).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DA RÚA TEÓFILO LLORENTE. Expte. 4474/307.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, do 8.10.08, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Construcciones Crespo, S.A. a execución das obras de remodelación da rúa Teofilo Llorente (Expte 4474-307) por un prezo total de 914.873 euros, comprometéndose a execución das acometidas domiciliarias da nova rede soterrada de baixa tensión e telefónica por un importe de 46.075,42 euros. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 29.07.2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Presentar compromiso de participar na execución do contrato por parte do enxeñeiro ou enxeneiro técnico proposto como xefe de obra.

NESTE INTRE INCORPÓRASE Á REUNIÓN A CONCELLEIRA SRA. DÍAZ VÁZQUEZ.

23(1572).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.